



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS (QUENDA LIBRE) INCLUÍDA NA OEP 2020

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO (PROBAS PSICOTÉCNICAS).- De conformidade coa proposta de valoración e cualificación deste exercicio formulada pola asesora, que foi asumida por este Tribunal, as cualificacións que acordou determinar este tribunal son as seguintes:

NOME E APELIDOS	RESULTADO
SANTIAGO NARCISO LOPEZ FONTAN	APTO
CARLOS SOBRINO SUAREZ	APTO
JOSE MAGDALENA NOGUEIRA	APTO
LUIS RODRIGUEZ FERRO	APTO
INES MERA RICO	APTO

RECURSOS

Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, neste caso, contra o segundo exercicio, probas psicotécnicas e, especialmente as cualificacións do proceso selectivo referido anteriormente poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O TERCEIRO EXERCICIO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria se publique na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), a relación cos aspirantes APTOS, convocándoos para a realización do terceiro exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar por escrito, no prazo máximo de catro horas, a 10 preguntas, relacionadas coas materias do programa establecidas na base quinta, aínda que non se ataña a epígrafes concretos do mesmo, **o día 12 de marzo, venres**, na Sala Obradoiros do Pazo da Cultura, ás 10:00 horas. O chamamento realizarase pola porta de abaixo do Pazo da Cultura, r/Alexandre Bóveda s/n.

Asinado pola secretaria do tribunal na data da sinatura electrónica

